- 2.- Sabe a Xunta se o Sr Carlos Faílde é coordinador do GES da Estrada? Nese caso sabe que posúe unha empresa chamada Ricarsat SL que contrata coa AXEGA e con outras administracións galegas e estatais? Solicitou a compatibilidade á Xunta? En que data?



- 3.- No caso de ser a resposta afirmativa, que medidas se adoptaron para a revisión dos contratos adxudicados? Tiñan constancia da incompatibilidade subxacente?
- 4.- De ser a resposta negativa, que cargo ocupa o Sr Carlos Faílde no GES? Por que aparece en todos os actos oficiais nos que aparece o Sr Rueda? En calidade de que é convidado? Por que fai ostentación dun cargo que non lle corresponde?
- 5.- É coñecedora a Xunta de Galicia que o rexedor da Estrada adxudicou contratos á empresa Emersafe SL? Sabe que O sr Faílde é apoderado desta empresa?
- 6.- Que medidas vai tomar a Xunta en relacións aos contratos licitados? Que labor exerce a Oficina de Incompatibilidades e Boas prácticas ante un caso coma este? Que medidas se toman?
- 7.- Que tipo de sanción existen para estes casos?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 18:27:40

Carmen Santos Queiruga na data 29/06/2017 18:27:48

Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 18:27:54

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Pero por desgraza, nestes últimos anos de Goberno de Feijóo, a Administración de Xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade Autónoma ten no eido dunha institución tan esencial.

En Pontevedra, hai funcionarios e funcionarias que traballan en condicións inhumanas polo calor e polo frío. Estámonos a referir a aqueles que desenvolven o seu labor na terceira planta da Audiencia Provincial, onde as temperaturas, din dende sindicatos de Xustiza, incumpren a normativa de riscos laborais, pois non hai sistema algún de climatización agás uns aparellos que o único que botan é ruído. Non podemos esquecer que na planta terceira da Audiencia Provincial de Pontevedra se atopan os Xulgados do Social 1, 2 e 3 e o Xulgado do Mercantil número 2. A situación é tan extrema que nalgún momento a Inspección de Traballo de Pontevedra debería ata comezar de oficio a instrución do oportuno expediente.

O curioso é que o Goberno galego prometeu este ano unha partida orzamentaria de 15.000 euros para este exercicio 2017, con cargo ao Plan Feder, pero que nin se sabe onde está nin ten trazas de ser executada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación laboral dos funcionarios e funcionarias da terceira planta da Audiencia Provincial de Pontevedra?

 Grupo Parlamentario

2. Entende o Goberno galego que se está a incumprir a normativa de riscos laborais polos problemas co sistema de climatización?
3. Vai poñer denuncia o Goberno galego ante a Inspección de Traballo de Pontevedra para que comece de oficio a instrución do oportuno expediente?
4. Que ocorre coa específica partida orzamentaria de 15.000 euros para este exercicio 2017, con cargo ao Plan Feder?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/06/2017 10:49:03

María Luisa Pierres López na data 23/06/2017 10:49:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/06/2017 10:49:12

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/06/2017 10:49:16

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda vén contratando dende fai tempo o servizo de asesoramento e asistencia técnica que utiliza a Dirección Xeral de Mobilidade no relativo ao transporte público regular colectivo de uso xeral, servizo que vén recaendo na empresa IPLAN MOVILIDAD S.L. Esta empresa goza pois dunha posición de privilexio no tocante á información da que dispón en materia tan importante e sensible como é o do transporte público colectivo de uso xeral para Galicia, e que posúa unha ampla base documental das liñas concesionarias de transporte da Xunta de Galicia e das súas características principais (rutas, tráfico, paradas, frecuencias, persoas viaxeiras, modificacións nas expedicións realizadas, etc...).

No ano 2016 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda contratou os estudos relativos á nova planificación do transporte público en Galicia para a concesión de nova liñas, para o cal repartiu en seis áreas territoriais a Galicia. O importe total a contratar ascendeu a 1.025.000 euros. Pois ben: a empresa IPLAN MOVILIDAD S.L., que conta cunha situación e posición non neutral e privilexiada en relación ás contratacións realizadas coa Dirección Xeral de Mobilidade, resulta adxudicataria da metade dos lotes, por un importe de máis da metade do total a contratar.

Por si o anterior non fora suficiente, sucede ademais que a empresa IPLAN MOVILIDAD S.L. ten unha relación directa e substancial – a través de accionistas comúns e cunha administración tamén común - coa empresa TEMA INGENIERÍA S.L., a cal resulta ser a adxudicataria doutro dos seis contratos para a realización da nova planificación do transporte, en concreto o correspondente á zona do oeste de A Coruña.

Sucede desta forma que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda non respecta o principio fundamental de igualdade entre as empresas ofertantes,

 Grupo Parlamentario

posto que unha ou algunhas delas posúen unha información privilexiada e que as demais empresas ofertantes non poder ter, gozando dunha posición a priori xa dominante, feito que resulta claramente contrario á legalidade vixente.

A este respecto a Directiva 2014/24/UE sobre contratación pública, no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as administracións contraten expertos independentes para axudar a preparar as súas contratacións, pero fixa claramente que dito asesoramento non pode ter como efecto falsear a competencia e non pode dar lugar a vulneracións dos principios de non discriminación e transparencia. A mesma normativa engade no seu artigo 41 que cando una empresa estea vinculada a algún procedemento de contratación – como claramente é o caso -, o axente adxudicador – neste caso a Consellería de Infraestrutura e Vivenda - deber tomar as medidas axeitadas para garantir que a súa participación non falsee a competencia, incluíndo a comunicación aos demais candidatos licitadores da información pertinente.

Igualmente o artigo 139 da Lei de contratos do sector público establece que os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia. Todo o cal foi vulnerado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Por todo o anterior, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Leva a cabo a empresa IPLAN MOVILIDAD S.L. o asesoramento para a consellería no relativo ao transporte público regular colectivo de uso xeral en Galicia?
2. Considera que tal asesoramento ten relación coas licitacións efectuadas para a planificación do transporte público de viaxeiros?
3. Intégrase en tales licitacións o deseño de diversos transportes públicos regulares colectivos de uso xeral por estrada?
4. Foi publicado no DOG a adxudicación realizada relativa ao asesoramento anual e pensa prorrogarse a mesma?
5. Comparten administración e socios as empresas IPLAN MOVILIDAD S.L. e TEMA INGENIERIA, S.L.?

 Grupo Parlamentario

6. Por que non se cumpriu coa lexislación sobre contratación vixente?
7. Por que non se respectou o principio de igualdade de trato nas licitacións realizadas para a planificación do novo Plan de transporte da Xunta de Galicia?
8. Pensa tomar algunha medida ao respecto para corrixir tales anomalías?
9. Ten coñecemento dalgún litixio ou reclamación presentada en relación a estas cuestións?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2017

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
María Luisa Pierres López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 23/06/2017 12:26:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/06/2017 12:26:08

María Luisa Pierres López na data 23/06/2017 12:26:12

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Maria Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería do Mar, mediante Resolución do 12 de abril de 2017, anunciou a licitación dos servizos de operación e mantemento dos dous helicópteros para a prestación do servizo de gardacostas de Galicia. Dita licitación resultou deserta. A Consellería emitíu unha consulta preliminar ao mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento.

De acordo co artigo 41 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE.

“Artigo 41. Participación previa de candidatos ou licitadores

Cando un candidato ou licitador, ou unha empresa vinculada a un candidato ou a un licitador, asesorese ao poder adxudicador, sexa ou non no contexto do artigo 40, ou participase dalgún outro modo na preparación do procedemento de contratación, o poder adxudicador tomará as medidas adecuadas para garantir que a participación dese candidato ou licitador non falsee a competencia.

Estas medidas incluírán a comunicación aos demais candidatos e licitadores da información pertinente intercambiada no marco da participación do candidato ou licitador na preparación do procedemento de contratación, ou como resultado dela, e o establecemento de prazos adecuados para a recepción das ofertas. O candidato ou o licitador en cuestión só será excluído do procedemento cando non haxa outro medio de garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato. Antes de proceder á devandita exclusión, darase aos candidatos ou licitadores a oportunidade de demostrar que a súa participación na preparación do procedemento de contratación non pode falsear a competencia. As medidas adoptadas consignaranse no informe específico previsto no artigo 84.”

 Grupo Parlamentario

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Que medidas vai adoptar a Consellería para garantir os principios comunitarios de non discriminación e transparencia, así como a non restrición ou limitación de competencia?

2ª) Por que motivo non se emitiu a consulta antes de iniciar o expediente de tramitación tal e como indica o artigo 40 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/06/2017 16:09:55

Julio Torrado Quintela na data 23/06/2017 16:10:06

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A vixente Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia se marca como obxectivo conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, evite a discriminación e favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente para as persoas que teñen discapacidades, nun marco demográfico tendente ao incremento da esperanza de vida e ao envellecemento da poboación; dispoñer dun marco normativo propio, simplificado e eficiente, en materia de accesibilidade, adecuado ás directrices internacionais e estatais, no exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia; e facer realidade o concepto de accesibilidade e deseño para todos e todas, nos procesos, proxectos, produtos e servizos, de modo que se facilite o uso universal, con plena seguridade, do medio físico, evitando gastos posteriores de eliminación de barreiras.

A consecución deste obxectivo dependía entre outras cousas da posta en marcha dunhas normas sobre accesibilidade.

Na lei se indica, na disposición final primeira, a necesidade de que a Xunta de Galicia, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei, aprobe o regulamento de desenvolvemento e o código de accesibilidade que contemple todas as normas técnicas aplicables na materia.

A realidade é que o prazo para a posta en marcha dese regulamento xa transcorreu, e non está na previsión para este ano a aprobación de dito regulamento.

En tanto non se aproba, segue sendo de aplicación o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o *Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia*, o cal con dezasete anos de andadura

Grupo Parlamentario

quedou totalmente desactualizada, por detrás de moitas das normativas estatais que regulan a accesibilidade como é o código técnico da edificación, de obrigado cumprimento.

A consecuencia desta falta de actualización provoca serios problemas de inseguridade xurídica para moitos e moitas das emprendedoras e autónomas galegas, na posta en marcha de negocios en locais comerciais de menos de 100 metros cadrados, cun nivel de exixencia de accesibilidade practicable.

A interpretación deste decreto por parte de cada concello galego fai que existan serias desigualdades en toda Galicia de cara ós mínimos de accesibilidade precisos en cada caso.

A discapacidade non sabe de cidades, pobos ou vilas diferentes. A súa limitación física non muda cos sitios.

Os e as emprendedoras atópanse con normativas distintas segundo os distintos concellos. Son galegos e galegas que precisan de claridade para poder emprender sen atrancos diferentes segundo o sitio e o que é peor segundo as demoras que esta falta de regulación provoca en cada un deles.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que ten algún tipo de consecuencia o retraso na aprobación do regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e o código de accesibilidade que contemple todas as normas técnicas aplicables na materia?
2. En caso afirmativo, que tipo de consecuencias teñen detectado?
3. A que se debe o retraso acontecido coa aprobación do regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e o código de accesibilidade?
4. Ten previsto a aprobación do mesmo durante o ano 2017?

 Grupo Parlamentario

5. É coñecedor dos serios problemas e atrancos que supón para moitos emprendedores a aplicación do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o *Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia*, en especial no caso dos locais comerciais de menos de 100 metros cadrados?
6. En caso afirmativo, como ten previsto solventar eses problemas detectados na aplicación do Decreto 35/200, do 28 de xaneiro e mentres non se aproba o novo regulamento?
7. Considera que a lei actual de accesibilidade estase a aplicar por igual en todo o territorio galego?
8. En caso de estarse aplicando a lei actual de accesibilidade de modos diferentes no conxunto de todos os concellos do territorio galego, que tipo de medidas pensa pór en marcha a Xunta de Galicia para favorecer e controlar a súa aplicación igualitaria?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/06/2017 17:00:16

Noela Blanco Rodríguez na data 23/06/2017 17:00:22

Raúl Fernández Fernández na data 23/06/2017 17:00:26



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 23/06/2017 17:00:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 11:02
Nº Rexistro: 10996
Data envío: 26/06/2017 11:02:11.448

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

A empresa IPLAN Movilidad S.L. é a adxudicataria de tres dos seis contratos dos estudos zonais do transporte público por estrada adxudicados nos pasados meses de decembro de 2016 e xaneiro de 2017 pola Dirección Xera de Mobilidade da Xunta de Galiza. En total, a citada empresa foi adxudicataria de contratos por valor de 436.898 euros, máis da metade do custo total. Os tres contratos restantes foron adxudicados a tres empresas diferentes: Deloitte, Tool Alfa e Tema.

Dáse a coincidencia que a empresa IPLAN tamén é adxudicataria do contrato do “servizo para o asesoramento e asistencia da Dirección Xeral de Mobilidade en materia de transporte público colectivo regular de uso xeral”, que ten un custo de 73.000 euros anuais.

Esta multiplicidade de contratos para fins semellantes resulta un tanto chamativa, por canto a citada empresa pode ter información privilexiada e unha posición de vantaxe sobre os plans da consellaría a respecto do transporte público por estrada.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 11:02
Nº Rexistro: 10996
Data envío: 26/06/2017 11:02:11.448

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos contratos ten a Xunta de Galicia con empresa IPLAN S.L.?
2. Cantos destes contratos teñen relación coa Dirección Xeral de Mobilidade?
3. Que traballos realiza a citada empresa no marco do contrato de asesoramento e asistencia?
4. Teñen relación estes traballos co Plan de Transporte Público de Galicia?
5. Tivo algunha relación esta empresa coa tramitación dos contratos para a elaboración dos estudos zonais do transporte público?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 11:02
Nº Rexistro: 10996
Data envío: 26/06/2017 11:02:11.448

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/06/2017 11:01:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/06/2017 11:01:26

Noa Presas Bergantiños na data 26/06/2017 11:01:30

Olalla Rodil Fernández na data 26/06/2017 11:01:34

María Montserrat Prado Cores na data 26/06/2017 11:01:37

Ana Pontón Mondelo na data 26/06/2017 11:01:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, sobre a autorización dunha capea no concello de Valga.

O debate do Proxecto de Lei de Benestar Animal, así como o seu contido que segue a excluír o veto ás touradas e outros eventos tauromáquicos, evidencia unha vez máis a diferenciación entre o maltrato que se comete contra determinadas especies e a crueldade amosada cara os touros, impregnada dun tufo pseudocultural.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes preguntas:

- Autorizou a Xunta de Galicia a realización de capeas ou soltas de vaquillas no Concello de Valga no período 2010-2016?
- Inclúe a Xunta esta actividade entre as tarefas de vixilancia e inspección dos Axentes Medio ambientais ou da Policía Autonómica?
- Ten previsto a Xunta vetar esta actividade?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/06/2017 10:03:30

Francisco Casal Vidal na data 26/06/2017 10:03:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o cartel machista promocional dunha actividade no concello de Valga.

Unha das versións dos carteis que anuncian a chamada ‘Festa da Xuventude’ de Valga, onde se inclúe unha capea con animais de apenas dous anos de idade, asume o machismo como forma de promover un mal considerado espectáculo que somete aos bóvidos a un trato degradante, antinatural e evitable, autorizado, segundo o propio Concello, pola Xunta de Galicia.

Este elemento promocional inclúe unha frase lamentable: “PEPIÑO DE BARCIA, que o ano pasado máis ben foi PEPIÑA...” evidenciando, unha vez máis como os comentarios machistas serven para xustificar a suposta valentía dos homes fronte a un animal pequeno, illado do seu hábitat orixinal, forzado a un transporte dende outra comunidade autónoma e deixado á súa sorte nunha praza de touros portátil.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes preguntas:

- Que opinión lle merece á Xunta este cartel machista?
- Pensa o goberno tomar medidas fronte a este tipo de comentarios que tratan de branquear a discriminación?



- Ten previsto a Xunta autorizar máis actos deste tipo xunto con posicións lamentables?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/06/2017 10:02:56

Francisco Casal Vidal na data 26/06/2017 10:03:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, relativa ás probas do CELGA.

O pasado 4 de abril a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fixo pública a resolución do 24 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2017. Resolución que fixou as datas de celebración das probas para este mes de xuño, e os lugares de convocatoria, reducidos soamente a dous: Santiago de Compostela e Ponferrada. Unha recentralización que dificulta moito que as persoas podan realizar unhas probas necesarias tanto para convocatorias públicas de emprego como para cursos do INEM e que tamén se deixou sentir nos propios cursos de preparación. Deste xeito, no presente ano, e por mor da ausencia de planificación da Xunta de Galicia, cursos do CELGA foron suspendidos en Monforte, Sarria, Carballiño, Verín e Xinzo de Limia, deixándoa moitos e moitas interesadas sen a posibilidade de seguir este curso cerca das súas localidades. De feito, a demanda é tan alta que xa podemos atopar academias privadas que ofertan este tipo de formación que vén a ocupar o baleiro de funcións por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Sen embargo, mentres tanto, o profesorado dependente da Dirección Xeral de Política Lingüística vive nunha enorme precariedade con contratos de media xornada duns tres meses de duración, e coa aplicación duns restritivos criterios de incompatibilidade que acaban dificultando a provisión das prazas. É sinalable que tras recoñecérselle xudicialmente a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo discontinuo, un grupo de 62 ex-traballadores colaboradores pasou a formar parte do cadro de persoal da Consellería e dende

ese momento reduciuse considerablemente a oferta de cursos.

Á escaseza de oferta formativa hai que sumar, tamén, a escaseza de convocatorias. A falta dunha convocatoria dobre ou a posibilidade de exames de recuperación fai que as persoas candidatas só teñan unha posibilidade ao ano de acceder ao certificado CELGA, o que supón un período de ano demasiado longo para un certificado tan necesario.

Pero non só debemos preocuparnos de ter poucas probas, senón, sobre todo, da falta de garantías das mesmas que xeran incerteza e inseguridade entre os participantes. Falta de garantías porque as persoas examinadas non saben, a tal punto, que persoas están detrás das súas cualificacións toda vez que as segundas e terceiras revisións, así como as reclamacións, en lugar de ser feitas polo persoas do que dispón a Secretaría Xeral con formación específica, son, supostamente, realizadas por unha comisión avaliadora da que non hai información ningunha, alén do establecido no artigo 5 da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

Artigo 5.- Comisión Central de Avaliación.

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha Comisión Central de Avaliación que se responsabilizará das seguintes funcións:

- a) Programación das probas e proposta de convocatoria á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- b) Elaboración dos exames.
- c) Avaliación daquelas probas que lle corresponda.
- d) Elaboración de actas do resultado das avaliacións.



2. A Comisión Central de Avaliación das probas estará composta polos seguintes membros, nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística entre expertos na avaliación do coñecemento da lingua galega:

- a) Presidente/a.
- b) Secretario/a.
- c) Cinco vogais.

3. O nomeamento dos membros da Comisión Central de Avaliación terá unha vixencia anual.

Sen embargo, nada se sabe sobre os criterios de nomeamento, en moitas ocasións tampouco sobre as persoas que a compoñen, cales son os criterios de corrección ou cal é a remuneración asignada por formar parte desa comisión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1. Cantos cursos de preparación do CELGA se realizaron anualmente dende 2009?
- 2. En que lugares?
- 3. Por que os lugares de convocatoria de probas en Galicia se reduciron a Santiago de Compostela?
- 4. Por que din que anulaban cursos por falta de profesorado, cando saben perfectamente que iso foi debido á mala planificación desta formación por parte da SXPL?
- 5. Cales son os criterios para a designación da comisión avaliadora?



6. Como é posible que as persoas encargadas da avaliación non sexa filólogas?
7. Cal é a remuneración que perciben as persoas que conforman dita comisión?
8. Que motivos xustifican que as probas sexan elaboradas e avaliadas por persoas que non teñen vínculo ningún nin cos departamentos de galego das universidades, nin coa Real Academia Galega nin con, en fin, ningunha das entidades centradas na defensa da nosa lingua?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/06/2017 11:07:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/06/2017 11:07:46

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A posta en marcha de novas liñas de transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada a nivel galego, é un proceso que está a tentar implantar a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, dun xeito convulso, sen a necesaria participación previa das institucións e axentes implicados e baixo fórmulas xurídicas que formulan moitos interrogantes e dúbidas ao respecto da súa legalidade e da súa viabilidade económica.

Así por exemplo, os anteproxectos dados a coñecer pola consellería para a súa adxudicación directa (segundo se publica no DOG nº 101 do 30 de maio de 2017), establecen un prazo de duración de 22 meses. Pero o Regulamento Europeo sobre o transporte, no seu punto 5.5, establece un prazo máximo de 2 anos para realizar as prórrogas ou fixar os novos servizos a realizar, e dado que tales servizos xa se veñen prestando dende fai case que un ano en función dunha prórroga establecida, debera computarse tamén tal período, polo que soamente podería realizarse a adxudicación polo prazo máximo dun ano.

Ademais a mesma normativa establece que ditas medidas terán o carácter de emerxencia – ben lonxe da idea da execución dunha primeira fase do novo plan de transporte, tal e como tenta transmitir a Xunta de Galicia – e deberan loxicamente comportar unicamente os servizos con risco de interrupción, ben lonxe do deseño imposto pola Consellería de Infraestrutura e Vivenda de fonda alteración dos servizos de transporte, incluso modificando o réxime e condicións das rutas escolares que non son obxecto de abandono.

Ademais a información dada a coñecer carece de datos básicos e que a lexislación vixente fixa como necesarios para a contratación pública, tales como solvencia técnica, profesional e económica dos ofertantes, canon a

Grupo Parlamentario

satisfacer, no seu caso, información sobre as dotacións mínimas en cuestións tan importantes como as de persoal, límites de antigüidade e condicións da flota de vehículos, prestacións exactas a percibir polas persoas usuarias, etc...

Entre estas cuestións que a consellería non contempla, resulta de especial relevancia a relativa á subrogación do persoal existente, que de xeito obrigado terá que traspasarse do anterior prestatario ao novo; circunstancia sumamente importante que, pese as manifestacións verbais da conselleira de Infraestruturas e Vivenda, non se contempla, tal e como se pode facilmente comprobar achegándose aos anteproxectos publicados pola administración autonómica. Unha información esencial que é obrigado dar a coñecer aos posibles ofertantes que a consellería non reflicte dos documentos publicados.

Igualmente non parece terse en conta tampouco a subrogación de determinados elementos de medios materiais, como por exemplo o relativo ao servizo automático informatizado sobre os datos de tráfico, expedicións, etc... a que obriga a consellería aos seus concesionarios de transporte.

Igualmente, ademais dos xa referidos, son varias as omisións e inexactitudes en lo relativo aos estudos económicos, segundo xa puxeron de manifesto os mesmos profesionais do sector, en diversos capítulos contemplados: en gastos, basicamente mal valorados, en factores como os correspondentes á amortizacións, ao persoal tanto de condución como doutro tipoloxía (administración, talleres, etc...), ao de mantemento, etc...; en ingresos sen aportar ningún dato obxectivo sobre demanda, cuestión elemental e básica para o cálculo de calquera memoria económica.

No cómputo global, as 43 novas rutas a contratar pola Xunta de Galicia, supoñen un volume anual de 25 millóns de euros/ano, dos cales 15,8 millóns de euros/ano corresponde ao transporte escolar, incluída a compensación a pagar pola administración, mentres que 9,2 millóns de euros/ano corresponde aos ingresos por persoas viaxeiras en xeral. Chama a atención a reconversión das rutas escolares en transporte regular xeral, a un prezo fixo e igual para todas as concesións, de 1,273 euros por viaxe/alumno, independentemente de calquera circunstancia distinta

 Grupo Parlamentario

existente. Chama a atención que se procede a un cambio contractual fondo sen realizar ningún tipo de trámite legal previo. Polo que, de realizarse tales proxectos, existirán unha tipoloxía distinta para os servizos de transporte público.

Ademais tentar mellorar o transporte público en Galicia sen ningún aporte adicional da Administración autonómica, tal e como tenta realizar a Xunta de Galicia, non resulta viable. Cabe recordar que dende a Consellería de Infraestrutura e Vivenda, de acordo aos orzamentos aprobados para 2017, unicamente se reflicte unha partida orzamentaria de 10 millóns de euros para o transporte metropolitano, peno ningunha outra contía para a mellora do transporte fora de tal ámbito.

Ademais, consecuencia das improvisacións e falta de rigor nesta cuestión durante moitos anos, a Xunta de Galicia se enfronta a posibles litixios por indemnizacións das actuais empresas de transporte. Recordemos que no ano 2009, mediante a aprobación dunha lei específica, se pactou unha rebaixa do 7 % no prezo do transporte escolar a cambio das prórrogas dos contratos durante dez anos e os plans de modernización das compañías. Dita lei foi declarada ilegal, pero a rebaixa acordada foi realizada puntualmente ano a ano. Se agora a lei é declarada ilegal e se procede ao rescate das concesións, antes dos dez anos pactados apra a prórroga, as empresas concesionarias poden exixir o importe non satisfeito. O que, soamente por este concepto, elevaría o importe das reclamacións aos 70 millóns de euros.

Por todo o anterior, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cúmprese o Regulamento europeo (CE) N° 1370/2007 sobre transporte, no relativo ao prazo previsto das novas concesións?
2. Cúmprese o Regulamento europeo (CE) N° 1370/2007 sobre transporte, no relativo as fondas modificacións realizadas nos servizos existentes?
3. Que trámites se seguiron para poder modificar o tipo contractual e de uso do transporte escolar?
4. Considera suficiente e en consonancia coa lexislación vixente a información facilitada?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Tívoise en conta a subrogación de persoal?
6. Considera que non é necesario contemplar a subrogación en relación a algúns elementos materiais das actuais concesionarias?
7. Considera que os custes foron estimados correctamente?
8. Están calculados os custes de antigüidade e outros custes de persoal?
9. Existen estudos ou información sobre a demanda?
10. Que contía prevé para facer fronte ás indemnizacións e reclamacións que poidan presentarse?
11. Ten previsto o aumento e no seu caso en que contía, dos recursos públicos a dedicar para o transporte dende a súa consellería e independentemente do custe que supón o transporte escolar?
12. A partida do transporte escolar pasará a ser xestionada e disposta dende a dirección xeral de mobilidade?
13. Cree que a non consideración administrativa das liñas de transporte escolar ocasiona algunha dificultade para o axuste necesario ás condicións da demanda?
14. Por que non contou previamente cos axentes do transporte, fundamentalmente sindicatos e asociacións empresariais, para promover os cambios necesarios neste sector?
15. Por que non se contou igualmente cunha ampla participación dos usuarios (asociacións de pais e nais) así como dos concellos que integran cada área?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2017 11:24:41

Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2017 11:24:46

María Luisa Pierres López na data 26/06/2017 11:24:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 13:23
Nº Rexistro: 11036
Data envío: 26/06/2017 13:23:49.354

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a tala masiva de árbores na contorna do Hospital de Calde en Lugo.

No mes de xuño a veciñanza de Lugo sorprendeuse coa desaparición da maior parte das árbores que se atopaban na contorna do Hospital de Calde, árbores antigas que foron plantadas nas proximidades do centro cando este se trataba dun referente na loita antituberculose.

De facto, foron tirados piñeiros e abetos de hai máis de 50 anos deixando o predio ermo o que causou un grande impacto paisaxístico mais tamén entre as persoas usuarias do centro que fornece na actualidade servizos psiquiátricos.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-.De quen é propiedade o predio no que se atopa o Hospital de Calde e a súa contorna?

-.Quen deu orde de talar as árbores que se atopaban nos arredores do Hospital de Calde?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 13:23
Nº Rexistro: 11036
Data envío: 26/06/2017 13:23:49.354

-.Cantas árbores foron taladas?

-.Que se fixo coa madeira despois da tala?

-.No caso de que for vendida, quen se beneficiou da venda e a que foi destinado o diñeiro obtido?

-.Que vai facer o Sergas para garantir que as persoas usuarias do Hospital de Calde poidan contar cun espazo apropiado no exterior do hospital?

-.Conta con orzamento o Sergas para acometer o mantemento das instalacións do hospital como reclama o persoal tendo en conta o estado de abandono do edificio e, por exemplo, das fontes que se atopan no exterior?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 13:23
Nº Rexistro: 11036
Data envío: 26/06/2017 13:23:49.354

Xosé Luis Bará Torres na data 26/06/2017 13:23:19

María Montserrat Prado Cores na data 26/06/2017 13:23:25

Ana Pontón Mondelo na data 26/06/2017 13:23:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/06/2017 13:23:28

Olalla Rodil Fernández na data 26/06/2017 13:23:30

Noa Presas Bergantiños na data 26/06/2017 13:23:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 16:47
Nº Rexistro: 11041
Data envío: 26/06/2017 16:47:09.604

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Hai case un ano, en xuño de 2016, a Xunta anunciou a posta en marcha dun Plan de acción global contra os danos dos xabarís, dotado con 1,3 millóns de euros, nun suposto plan que xira en torno a catro eixos: accidentes de tráfico, danos a cultivos, xestión cinexética e educación e formación. Máis tras un ano non se fixo público as liñas estratéxicas de dito plan de acción nin un documento referente, nin se debateu, nin se coñece do alcance da súa execución, nin o destino global das diferentes partidas.

Ao igual que no ano 2014, no que aprobaron a elaboración da redacción dun Plan de Xestión do Xabaril, realizado pola Universidade de Vigo, do cal se descoñece a existencia da súa aplicación e resultados e logros acadados, da súa vixencia, caducidade, grado de cumprimento, e previsións de actuacións por comarcas. Do único que se desprende de dito estudo simplemente foi amosar un mapa de accidentes na Galiza, máis sen ter aportado ningún dato sobre a situación e abundancia e diagnóstico da poboación da especie, e estratexias de actuación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 16:47
Nº Rexistro: 11041
Data envío: 26/06/2017 16:47:09.604

Entendemos que a xestión do xabaril debe superar o modelo, infrutuoso que supoñen miles de batidas que, ademais, poden estar redundando nun incremento do problema, así coma resultar eticamente reprobable e cuestionable e estar xerando un grave problema a outra fauna ameazada. Sobre todo aquelas que se conceden dentro de espazos naturais protexidos, ou coincidindo en lugares no que están presentes especies en perigo de extinción ou ameazadas, en particular durante a época de cría.

Non é que nos opoñamos a autorización de batidas para controlar a súa poboación, pois entendemos que son necesarias, pero si no criterio empregado para autorizalas, sobre unha base pouco técnica pola que se permiten miles e miles de batidas, en calquera momento do ano, sen contar cun seguimento técnico nin cunha estratexia de actuación e planificación. Entendemos que as batidas deben ser unha parte dun todo que completaría a posta en marcha doutras múltiples actuacións que deberían estar contidas nunha estratexia de xestión e manexo. Non existe deseño de xestión, só un parche mediante miles de batidas que non serven para reducir nin arranxar esta problemática.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que ten feito ata o de agora a Xunta sobre o seu Plan de acción global contra os danos dos xabarís, dotado con 1,3 millóns de euros?

-Contempla este Plan de acción a posta en marcha dun plan de xestión e de manexo da especie que introduza medidas diferentes e complementarias ás batidas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 16:47
Nº Rexistro: 11041
Data envío: 26/06/2017 16:47:09.604

-Que se está aplicando do documento de Plan de Xestión do Xabaril que encargou a Xunta á Universidade de Vigo no ano 2014?

-Que orzamentos ten destinado entre o período 2014-2017 a Xunta para por en marcha un Plan de Xestión do Xabaril?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/06/2017 16:44:41

María Montserrat Prado Cores na data 26/06/2017 16:44:52

Noa Presas Bergantiños na data 26/06/2017 16:44:53



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 16:47
Nº Rexistro: 11041
Data envío: 26/06/2017 16:47:09.604

Olalla Rodil Fernández na data 26/06/2017 16:44:56

Xosé Luis Bará Torres na data 26/06/2017 16:45:00

Ana Pontón Mondelo na data 26/06/2017 16:45:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, relativa ao peche de escolas.

Apenas dous días despois da comparecencia do Conselleiro de Educación no Pleno do Parlamento de Galicia, e un día antes do peche do curso escolar, en plena preparación das festas de final de curso, a Consellería comunicou a varios centros escolares galegos o seu peche inmediato, aclarando que se facía a comunicación por vía telefónica para evitar que o souberan pola prensa. Unha chamada de teléfono semellante recibiron na xornada do 22 de xuño no colexio María Caxade de As Pontes, no CEIP Emilio de Navasqués de Outes, ou no CPI Tomás de Lemos e no de Fene que aínda que non pecharán, perden a ESO para o curso vindeiro.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se están a tomar por parte da administración educativa contradínse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o



desequilibrio territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economisista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ó mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cales son os motivos que xustifican o peche destes centros?
2. Considera adecuado o Goberno galego avisar o día antes da finalización de curso de que se ían pechas as escolas?
3. Por que non informou o Conselleiro destes peches na súa comparecencia en sede parlamentaria o 20 de xuño?
4. Vai teimar o Goberno galego no desmantelamento do ensino no rural?
5. Ten pensado o Goberno galego abordar un plan integral de ensino para o rural?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Luca Chao Pérez na data 26/06/2017 17:54:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/06/2017 17:54:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No ano 2013, foi suprimido o Servizo de 24h de cirurxía pediátrica na zona de Ourense, debido á falta de reposición das vacantes que tiveron lugar por xubilación e traslado.

Esta situación, que provocou o malestar tanto da cidadanía como da maioría de profesionais, obriga que as familias de Ourense teñan que desprazarse a Vigo si necesitan unha intervención cirúrxica fora do horario de mañá, en sábados, domingos ou festivos. O que supón desprazamentos de máis de 100 quilómetros de distancia, que aumentan cando se trata de zonas afastadas da propia capital.

A maiores, a situación supón un esforzo para as familias dos nenos e nenas que precisen de dito servizo sanitario, un esforzo económico que nos casos de familias con menos recursos complica a situación.

A decisión, que corresponde a unha estratexia de recortes por parte da Xunta de Galicia, no só está a afectar de xeito negativo nos nenos e nenas que precisen do servizo de urxencia na cirurxía pediátrica en Ourense, si non que tamén está a causar unha lista de espera de nenos e nenas que precisan ser intervidos (cando se trata de casos non urxentes), facendo aumentar a lista de espera.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



1.^a) Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia ante as consecuencias de ter suprimido o servizo de 24h na cirurxía pediátrica en Ourense?

2.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia ante as consecuencias de suprimir dito servizo?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/06/2017 18:00:34

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, recoñece o deporte como actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

O título VI desta lei regula un dos capítulos clave para facer viable a actividade deportiva en Galicia, o referido ás instalacións deportivas, tanto no que atinxe á súa definición e rexistro coma no referido ao Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos. Así, o artigo 78 da Lei 3/2012 establece que co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia, correspondéndolle á Administración autonómica a redacción e aprobación deste plan.

O mencionado plan determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución.

O Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia deberá ser revisado cada cinco anos co fin de conseguir a súa actualización e adaptación ás necesidades deportivas.

Grupo Parlamentario

O artigo 81 sinala a importancia do plan, xa que establecerá como finalidade preferente posibilitar a práctica xeneralizada das actividades deportiva e física, sen distinción de sexo, idade, condición física ou social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O programa orzamentario 441A (Promoción da actividade deportiva) recolle nos orzamentos xerais de cada ano os compromisos económicos do Goberno galego en materia de instalación deportivas, sen que as prioridades estean establecidas polo plan xeral esixido na Lei do deporte de Galicia.

Transcorridos xa cinco anos desde a entrada en vigor destas obrigas legais, segue sen estar aprobado o Plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia, polo que os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que previsións ten o Goberno galego para a redacción e aprobación sen máis demora do Plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2017 11:50:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 11:50:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2017 11:50:22

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 11:50:26

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Abel Fermín Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os furanchos, tamén chamados “loureiros” porque era tradición destes locais anunciarse colgando unha rama de loureiro no enreixado ou no muro da casa, son casas particulares que habilitan unha zona como comedor ao público, xa sexa un baixo, un garaxe ou un galpón na eira, para servir o viño excedente da súa propia colleita, acompañados de comida caseira. O seu funcionamento adoita estar limitado ao inverno, á primavera e ao principio de verán, ata que se esgotan as existencias do excedente da colleita.

Semiclandestinos na súa orixe, dende o ano 2012 están regulados polo Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se aprofunda nos tipos de servizos que se poden ofrecer (incluídas as tapas que poden acompañar ao viño), temporadas e requisitos de funcionamento.

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o número de furanchos con licenza que hai na comunidade autónoma de Galicia, especificados por concellos e provincias?

2ª) É coñecedora a Xunta de Galicia de se nalgún destes establecementos se serven tapas distintas ás que fai referencia o anexo I no Decreto 215/2012?

3ª) Quen é o encargado de vixiar que se cumpra o Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, e con que medios se conta para iso?



Grupo Parlamentario

4ª) Dende que entrou en vigor o Decreto 215/2012, tramitouse algunha notificación e/ou sanción, se for o caso, cantas, e en que concellos se deron estes casos e como están distribuídos?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/06/2017 12:11:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/06/2017 12:11:59

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 12:12:07

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O proxecto e-dixgal foi posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2014/2015, coa finalidade de favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información, poñendo a disposición dos centros que pertencen á rede Abalar materiais e libros dixitais para o desenvolvemento da súa actividade educativa.

Os cursos aos que se destina este proxecto son 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria.

Para o curso 2014/2015, mediante a Resolución do 10 de xullo de 2014 (DOG do 7 de agosto) seleccionáronse 84 centros, todos eles impartindo educación primaria; para o curso 2015/2016 e mediante a Resolución do 21 de xullo (DOG do 11 de agosto), seleccionáronse trece centros de educación primaria e 12 de educación secundaria obrigatoria e, por último, para o curso 2016/2017, e mediante a Resolución do 17 de xuño de 2016, foron seleccionados dous centros de educación primaria e dous de educación secundaria obrigatoria.

En total, 99 centros corresponden a educación primaria sobre un total de 904 que a imparten nesta comunidade autónoma, o que supón un 10,95 % e 14 centros corresponden a educación secundaria obrigatoria sobre un total de 515, o que supón un 2,71 %.

As anteriores cifras evidencian que, polos motivos que sexan, este plan non conta coa aceptación da comunidade educativa.

Por outra banda, dende as súas orixes e ao longo de varios cursos, os centros recibiron a través do proxecto Abalar o equipamento correspondente, composto por un ultraportátil para cada alumno, un portátil por aula para o uso dos docentes, unha pizarra dixital interactiva, un proxector, un armario para a carga dos equipos e rede Wifi. Segundo a información que facilita a propia Consellería, neste momento hai 532 centros que contan con estes equipamentos.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Para o próximo curso, tense publicada a Resolución do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (e-dixgal) durante o curso 2017-2018. Esta normativa está dando lugar a diversas consultas por parte dos centros e, segundo se ten informado a este grupo parlamentario por parte de responsables da Consellería estase trasladando aos centros a seguinte información que se transcribe literalmente:

Que acontece se o centro non se suma ao proxecto Abalar-Edixgal?

A renovación do equipamento Abalar está vinculada á seguinte fase do proxecto, é dicir, a incorporación a E-dixgal, polo tanto, non se atenderán incidencias de equipamento de alumnado no caso de non sumarse a esta iniciativa.

Ante as dúbidas que está a xerar na comunidade educativa a interpretación do anterior, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como se debe interpretar a afirmación “non se atenderán incidencias de equipamento de alumnado no caso de non sumarse a esta iniciativa”?

2ª) No caso de que nos atañamos á literalidade da afirmación, quere dicir que aqueles centros (na actualidade 429) que teñen equipamento Abalar e que non están no proxecto E-Dixgal quedarán sen a asistencia técnica que precisen?

3ª) No caso de que a resposta á anterior pregunta fose negativa, considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que a redacción da información está feita coa intención de elevar o grao de participación dos centros no proxecto e-dixgal?

4ª) De ser afirmativa a resposta á anterior pregunta, considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que esa é unha forma acertada de incentivar a participación?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:



 **Grupo Parlamentario**

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/06/2017 12:22:27

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/06/2017 12:22:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como se vén reiterando cada mes nos barómetros do CIS, a corrupción e a fraude sitúase como a segunda principal preocupación da cidadanía.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén presentando de forma sistemática iniciativas urxentes para que Galicia dispoña de instrumentos avanzados de prevención e loita contra a corrupción e a fraude. A regulación dos grupos de presión, a protección integral das persoas denunciante de casos de corrupción, a supresión do aforamento dos deputados e deputadas do Parlamento galego ou a mellora cualitativa das políticas de transparencia e bo goberno por parte da Xunta de Galicia son medidas irrenunciáveis.

O propio Consello de Contas de Galicia, con motivo da Lei 8/2015, do 7 de agosto, vén de asumir novas competencias en materia de prevención da corrupción, que desenvolverá por primeira vez no Plan anual de traballo do exercicio 2017. Neste plan avaliarase, entre outros aspectos, o deseño e a implantación de sistemas de prevención da corrupción, de control interno e de xestión de riscos nas entidades integrantes do sector público autonómico, comprobando o axeitado deseño e a implantación das políticas de integridade. En materia de xestión de fondos europeos a avaliación dos controis, tanto preventivos como “ex post”, debe ter unha especial intensidade, considerando as orientacións, directrices e recomendacións da Comisión Europea para a avaliación do risco da fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra a fraude na xestión de fondos estruturais e de investimento europeos.

Sen prexuízo dos informes, conclusións e recomendacións que formule o Consello de Contas na aplicación do seu Plan de traballo de 2017, que serán obxecto de análise e debate na correspondente comisión parlamentaria, cómpre coñecer a situación actual na que se encontra a Administración galega na adopción de sistemas de prevención da corrupción.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos ten implantado o Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2017 10:36:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 10:36:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2017 10:36:50

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia é unha potencia marisqueira recoñecida no mundo, tanto por cantidade como por calidade do seu produto. O sector ten unha relevancia fundamental no tecido social e económico e por tanto a administración debe achegarse o máximo posible.

A saída de Gran Bretaña da Unión Europea provoca, ademais de outro tipo de problemas, a necesaria reubicación de organismos de carácter europeo que manteñan a súa sede en territorio británico, e que agora precisan de ser trasladados a outro lugar. Entre estes organismos se atopa o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bivalvos, actualmente en Weymouth, e que ten unha importante función de investigación e coñecemento do medio mariño no referente a moluscos e control.

A presenza en Galicia da Axencia Europea de Pesca, en Vigo, evidencia o peso galego no sector marítimo-pesqueiro en Europa e no mundo, polo que tería sentido que se vira reforzada coa reubicación do laboratorio citado. Existen centros de investigación relevantes xa en Galicia traballando en rede, co peso fundamental da Ría de Arousa polo seu volume produtivo, como son o IGAFA en A Illa ou o CIMA en Vilanova, en torno á referencia mundial do Intecmar situado en Vilaxoán (Vilagarcía) que traballa temas similares ao laboratorio comunitario e contribuíría a reforzar o traballo conxunto e a calidade da produción científica, así como a súa aplicación á produtividade e desenvolvemento do sector.

Dadas as circunstancias cambiantes por mor do Brexit, a transcendencia de Galicia no sector e a presenza de entidades que poderían aumentar exponencialmente a produción científica e aplicada do sector da investigación mariña, así como o impacto económico directo da presenza dunha Axencia Europea en Galicia, sería de relevancia facer unha aposta seria pola atracción do ente referido. Existindo xa algúns movementos por

 Grupo Parlamentario

parte da Xunta de Galicia, semellan apostas tímidas e supeditadas a decisións maiores que poden impedir unha firme candidatura, á imaxe do que ocorreu coa Axencia Europea do Medicamento na que Galicia foi ninguneada polo Goberno de España sen que existira posición crítica da Xunta de Galicia ao respecto.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten intención a Xunta de Galicia de levar a cabo todas as accións necesarias para intentar conseguir a implantación en Galicia do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos?
2. Esixirá a Xunta de Galicia que o Goberno de España se comprometa coa candidatura galega evitando o ninguneo vivido respecto da Axencia Europea do Medicamento?
3. Que xestións se levan feito para a consecución do nomeamento formal de Galicia como candidatura estatal para a reubicación do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos? Que xestións están previstas?
4. Que localizacións valora a Xunta de Galicia para a posible situación futura do citado laboratorio comunitario? Cal sería prioritaria?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 16:21:24

María Dolores Toja Suárez na data 27/06/2017 16:21:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A recuperación do barrio da Tinería da cidade de Lugo é un proxecto fundamental para a cidade tanto pola rehabilitación dunha zona que conserva moitos valores arquitectónicos e históricos como polo impulso que ofrece ao centro histórico da cidade bimilenaria.

É a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a encargada de levar adiante a rehabilitación deste barrio lucense que se atopa dentro de murallas e forma parte do casco histórico pero que a finais da década de 1990, se atopaba notablemente degradado tanto dende o punto de vista arquitectónico como social.

A súa rehabilitación leva xa desenvolvéndose moitos anos, e aínda que a Tinería está comezando a recuperar timidamente o seu uso residencial e comercial, o proxecto de rehabilitación non está rematado e hai claros indicios de que non últimos foi ralentizado.

Segundo o IGVS, o proxecto tiña por obxectivo a rehabilitación integral de 44 unidades edificatorias e a xestión de dúas Unidades de Intervención. Estimouse que o resultado final sería a creación de 129 vivendas, 24 locais en planta baixa, 2 edificios de oficinas, un centro de día, unha gardería e un centro de documentación do Casco Histórico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales destes obxectivos están cumpridos neste momento?
2. Cantas vivendas, locais ou edificios de oficinas quedan por rematar?

 Grupo Parlamentario

3. Cales foron as accións que a Xunta de Galicia levou adiante na recuperación do barrio da Tinería en Lugo nos anos 2014, 2015 e 2016?

4. Cal foi a inversión realizada nos anos 2014, 2015 e 2016?

5. Cando será rematado todo o proxecto de rehabilitación da Tinería de Lugo?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/06/2017 16:27:08

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/06/2017 16:27:14

María Luisa Pierres López na data 27/06/2017 16:27:19

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A recuperación do barrio da Tinería é un proxecto fundamental para a cidade de Lugo, tanto pola rehabilitación dunha zona que se atopa dentro de murallas moi preto deste monumento Patrimonio da Humanidade e que conserva moitos valores arquitectónicos e históricos, como polo impulso que ofrece ao centro histórico da cidade axudando a fixación da poboación e ao crecemento da actividade económica.

A pesar diso, dende a chegada do PP ao goberno de Galicia practicamente parouse a rehabilitación.

É difícil entender o que está a pasar coa Unidade de Intervención 8 neste barrio. O goberno encabezado polo presidente Touriño elaborou un proxecto de desenvolvemento que o goberno do sr. Feijoo anulou dicindo que volvía ao Plan especial aprobado na VI Lexislatura polo goberno do Partido Popular e argumentando que sería moito máis rápido aplicar este Plan Especial. Isto sucedía en 2010. A partir de aquí nada máis se soubo e a UI8 segue nas mesmas malas condicións (situación que se pode ver perfectamente dende a muralla) que antes. Pero co agravante que na UI8 sitúase o Pazo de Dona Urraca, que o anterior goberno pretendía rehabilitar, e este edificio atópase nunha lamentable situación, practicamente na ruína, e parece claro que se non se toman medidas rápidas vaise perder irremediabilmente. Unha vez mais, Lugo vería desaparecer parte do seu patrimonio por a ineficacia e pasividade da administración que ten a responsabilidade de conservalo.

Non creemos que os problemas económicos podan xustificar este desleixo. Pódese entender que os proxectos se fagan máis lentamente pero non que por non facer nada se perda patrimonio cultural da cidade, unha situación que, por certo, está sufrindo tamén o cuartel de San Fernando polo mesmo motivo, o total abandono da Xunta de Galicia das súas responsabilidades.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia a situación na que se atopa o Pazo de Dona Urraca?
2. Cando comezará o desenvolvemento da UI 8 a Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/06/2017 16:26:46

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/06/2017 16:26:51

María Luisa Pierres López na data 27/06/2017 16:26:57

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, M^a Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo novas da SGHN, o Goberno foi celebrar o “Día Mundial do Medio Ambiente” ao Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en Ribeira, A Coruña) -que tamén estaba de celebración, pois cumpría 25 anos- e que é Humidal de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar, Espazo Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA) e Espazo Natural Protexido. En concreto, foron, entre outros, o presidente da Xunta de Galicia, a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Directora Xeral do Patrimonio Natural e o Presidente da Xunta Consultiva do Parque Natural.

O “sarao” tivo lugar a longo do día enteiro na área contigua ao Centro de Interpretación do Litoral de Galicia (CIELGA), onde se instalaron palco, toldos, mesas e bancos; megafonía propia dunha verbena de verán en Galicia; un “refruxerio” con ampla subministración de comida e bebidas (alcohólicas incluídas) e rematou coa inadecuada plantación de árbores sobre unha área do ecosistema dunar, con especies que só contribúen a degradar estas áreas do ecosistema dunar.

En definitiva, a festa celebrada polo Goberno, co seu presidente á cabeza, incumpriu o Plan de ordenación do parque Natural de Corrubedo, o Decreto de declaración do parque natural de 1992 e o propio Plan Director da Rede Natura 2000.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que este tipo de actos reflicten claramente o desinterese na protección da biodiversidade e o patrimonio natural de Galicia.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que está a facer o Goberno galego na protección da biodiversidade e o patrimonio natural de Galicia?
2. Cal é a opinión do Goberno galego sobre a celebración, o día 5 de xuño, do “Día Mundial do Medio Ambiente” ao Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en Ribeira, A Coruña)?
3. É consciente o Goberno galego, co seu presidente á cabeza, que estes actos incumpren a normativa de protección da biodiversidade e conservación da natureza, incluído o Plan Director da Rede Natura 2000?
4. Cales foron as autorizacións emitidas para a súa celebración, vinculadas coa realización de rozas, instalacións de infraestruturas de uso público (palco, toldos, mesas e bancos) e instalación de megafonía?
5. Que persoas emitiron as autorizacións ás que se refire a pregunta anterior?
6. Que medidas de xestión e uso público se adoptaron para o desenvolvemento do acto e a salvagarda dos valores da biodiversidade e do patrimonio natural?
7. Foi emitido algún informe, anterior ou posterior ao 5 de xuño, ao respecto?
8. Que membros do persoal técnico foron responsables das medidas de xestión e uso público e dos informes, de ser o caso?
9. A canto ascenderon os gastos totais para a realización do acto (adequación da zona, montaxe e desmontaxe das infraestruturas temporais, actuacións contratadas, instalación e elaboración de paneis ou documentos, subministración de bebida, comidas, árbores, camisetas, chapeus e contratacións?

 Grupo Parlamentario

10. Pensa o Goberno que procede o cese dalgún responsable público como consecuencia deste acto?

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 16:25:46

María Dolores Toja Suárez na data 27/06/2017 16:25:52

Raúl Fernández Fernández na data 27/06/2017 16:25:58

María Luisa Pierres López na data 27/06/2017 16:26:03

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os orzamentos de 2017 para a Xunta de Galicia, no Anexo de Persoal do Servizo Galego de Saúde, contéplanse partidas orzamentarias para os servizos relixiosos neste ente. Estas partidas recollen 52 postos de traballo para capeláns (41 a tempo completo e 11 a tempo parcial), con un custo presupostado de 652.146,83€.

O Grupo Parlamentario Socialista rexistrou por escrito unha pregunta referida a esta cuestión durante o mes de febreiro de 2017, que foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia no día 9 de marzo de 2017. Con data 8 de xuño, 3 meses despois da súa publicación no BOPG e, por tanto, con inxustificado retraso conforme á normativa existente de resposta en 20 días hábiles a partir da súa publicación no citado BOPG, o Goberno galego responde ao Grupo Parlamentario Socialista incluíndo datos sobre o ano 2016 (Documento número de rexistro 10969). Cítase na resposta que no indicado ano 2016 a Xunta de Galicia prestaron servizos 51 capeláns por un custo de 438.260,02€. Non entanto, este dato económico non coincide co presupostado para 2016 pola propia Xunta de Galicia. Estas diferenzas amosan que a partida presupostada para 2017 é un aumento dun 48,8 % no que a propia Xunta de Galicia afirma ter gastado en 2016.

A non coincidencia dos datos, e a variación de persoal con cargo ao capítulo de persoal do Sergas non recibiu contestación na resposta escrita nin ningún grupo parlamentario o explicou no debate producido o 11 de abril na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia, na que a iniciativa do Grupo Socialista se debateu sobre a conveniencia desta partida orzamentaria.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como pode explicar a Xunta de Galicia a gran discordancia entre o proxecto de orzamentos de 2017 e o orzamento executado en 2016 no correspondente ao número e contías de capeláns no Servizo Galego de Saúde?
2. Por que se inclúe no proxecto de orzamentos de 2017 unha cantidade de 213.886,81€ de diferenza (un 48,8 % de aumento) con respecto á que a propia Xunta de Galicia afirma ter executado en 2016?
3. Cal é o motivo de incrementar en un capelán o cadro de persoal do Sergas dende 2016 a 2017 (51 a 52)?
4. Que previsión ten a Xunta de Galicia para os orzamentos de 2018 no que respecta aos servizos relixiosos no Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 18:12:36

Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2017 18:12:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11122
Data envío: 27/06/2017 19:04:04.486

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao PXOM do concello de Ares.

Con data 6 de Marzo de 2014 o Pleno do concello de Ares prestaba aprobación inicial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicando a posteriori o correspondente anuncio aos efectos de información pública e reclamacións por un prazo de dous meses, que remataba en Xuño do mesmo ano. Ao mesmo tempo, suspendíase o procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos do territorio que sufrían modificación da normativa urbanística. Finalmente, procedíase á solicitude dos informes que resultasen preceptivos conforme á normativa sectorial que resulta de aplicación no caso.

No proceso de exposición pública e alegacións foron presentadas un total de 647 alegacións –tanto referentes a temas individuais coma afectacións colectivas- das que a día de hoxe non se fixo comunicación de admisión ou rexeitamento ás persoas afectadas.

Estamos falando, pois, dun proceso de tres anos nos que as persoas ou colectivos que tiñan atópanse non só coa falla de resposta aos seus escritos, senón tamén nunha evidente inseguridade xurídica –que afecta ao conxunto da cidadanía- no tocante á situación das fincas correspondentes no referente á normativa urbanística que realmente lles afecta.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11122

Data envío: 27/06/2017 19:04:04.486

Cumpre lembrar que a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas rematou en marzo de 2016, polo transcurso do prazo máximo de 2 anos que dispón a Lei so Solo.

Tamén hai que salientar que a disposición segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón:

Disposición transitoria segunda. *Adaptación do planeamento*

1. Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desta lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2. Os que, nesa mesma data, xa fosen aprobados inicialmente poderán adaptarse integramente a esta lei ou continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente a esta lei. A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas nesta lei non implicará, por si só, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretenda introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación.

Estamos pois, ante un documento que obrigatoriamente ten que adaptarse plenamente á nova Lei, pero sen necesidade de sometemento de ditas adaptacións a un novo proceso de información pública, polo que o acceso á documentación por parte da veciñanza faise máis que imprescindible.

E sobre o particular -segundo podemos constatar documentalmente- entendemos que podería estar a producirse un incumprimento flagrante do disposto no artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do solo de Galiza, toda vez que se ten negado acceso á



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11122
Data envío: 27/06/2017 19:04:04.486

documentación existente alegando que “está incompleta”, cando o devandito artigo é claro:

Artigo 87. Publicidade

1. Os instrumentos de planeamento urbanístico, con todos os seus documentos, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, serán públicos e calquera persoa poderá, en todo momento, consultalos no concello.

2. Toda persoa terá dereito a que o municipio correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.

Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os dous meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal.

3. Os concellos garantirán, mediante procedementos telemáticos, o acceso e o coñecemento do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Cal é a situación actual na tramitación do PXOM aprobado inicialmente polo concello de Ares en marzo de 2014; con relación aos trámites que son preceptivos por parte dos organismos da Xunta?

2.- É sabedora a Xunta de se as alegacións que se produciron no período de exposición públicas foron contestadas formalmente, e comunicadas ás persoas afectadas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11122
Data envío: 27/06/2017 19:04:04.486

3.- Entende a Xunta que o proceso de tramitación adáptase ao recollido na disposición segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, referido á adaptación dos plans previamente aprobados á devandita Lei ?

4.- Comparte a Xunta que a denegación de acceso á documentación do PXOM que se está a tramitar atense ao disposto na Lei 2/2016, do 10 de Febreiro e, nomeadamente ao exposto no artigo 87 da mesma?

5.- Ten recibido a Xunta documentación do concello de Ares na que conste que se produciron as modificacións que se requirían na resolución do 2 de Maio de 2017, da Consellaría de Medio Ambiente, como requisito para emitir informe favorábel da avaliación ambiental do PXOM?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11122
Data envío: 27/06/2017 19:04:04.486

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2017 19:03:01

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2017 19:03:09

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2017 19:03:12

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2017 19:03:15

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2017 19:03:17

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2017 19:03:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás necesidades de mellora do servizo de pediatría en Oleiros.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Oleiros.

O Centro de Saúde da Covada é o de máis recente apertura co que conta o Concello de Oleiros. Malia ter espazos físicos dispoñíbeis non ofrece o servizo de pediatría. Iso a pesar de que a parroquia de Oleiros experimentou nos últimos anos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11129
Data envío: 28/06/2017 10:37:42.926

un importante crecemento urbanístico e o perfil máis habitual dos novos residentes é, precisamente, o de familias con crianzas.

Agora mesmo as familias que teñen asignado o Centro da Covada teñen o pediatra ou en Perillo ou en Santa Cruz: en Perillo hai 3 facultativos desta especialidade; en Santa Cruz hai 2. O servizo de Santa Cruz está totalmente colapsado: cunha poboación infantil semellante á de Perillo hai un pediatra menos e, por riba, unha das dúas pediatras de Santa Cruz ten que facer media xornada no consultorio da Casa do Mar de Mera; a outra pediatra está cunha redución de xornada, que non motivou que o SERGAS reforzase o servizo. A día de hoxe as citas telefónicas estanse dando para dentro dunha semana, o que obriga as familias a ter que colapsar o servizo de urxencias e mesmo a que mire as nenas e nenos un médico de medicina xeral.

Cubrir o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Oleiros e, ao mesmo tempo, reforzar o servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz ,estabilizando a praza do Consultorio de Mera, axudaría a acabar con esta precariedade de medios.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Como valora o Goberno galego as carencias do servizo de pediatría nos centros de saúde de Oleiros?

-Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendidas as nenas e nenos destes centros de saúde?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11129
Data envío: 28/06/2017 10:37:42.926

-Vai proceder a Xunta a dotar o Centro de Saúde da Cavada, en Oleiros, co servizo de pediatría, e reforzar este servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2017 10:35:59

Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2017 10:36:03

Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2017 10:36:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2017 10:36:21



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11129
Data envío: 28/06/2017 10:37:42.926

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2017 10:36:25

Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2017 10:36:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:36
Nº Rexistro: 11138
Data envío: 28/06/2017 13:36:31.298

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás accións a realizar diante da non renovación das autorizacións das traídas de augas.

A auga é un ben das persoas e máis da natureza, non é un negocio de grandes especuladores. É un ben fundamental para a vida polo que ten que ser considerado o seu aspecto social.

Malia que as Nacións Unidas proclamou que o acceso aos servizos básicos de auga potábel e saneamento son un Dereito Humano, o goberno actual está transformando os novos servizos públicos/veciñais en negocios privados. Na actualidade estamos a ver como se promoven políticas de austeridade que o que pretenden é desmontar a autonomía veciñal para privatizar os seus servizos.

O noso País ten cultura de auga e foi e segue sendo quen de administrala, conserva e xestionala desde antigo a través das traídas de augas veciñais, que, ademais encárganse de manter o bo estado das masas de auga para preservar a vida na natureza e o benestar na nosa sociedade, mostra disto son as miles de traídas que existen en Galiza

As traídas de augas ou comunidades de usuari@s son, nin máis nin menos que o resultado da unión de veciñ@s dun lugar, rueiro, parroquia... para dar respostas á necesidade de subministro de auga potábel. Son froito e exemplo do compromiso



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:36
Nº Rexistro: 11138
Data envío: 28/06/2017 13:36:31.298

veciñal, so seu traballo e esforzo e achega económica. Un esforzo comunitario para ter un servizo que a administración non facilitaba.

Desde hai uns meses varias comunidades de Augas de Consumo Humano en Galiza (traídas de augas veciñais), atópanse que ao proceder á renovación das concesións, por parte dos organismos da conca hidrográfica, neste caso a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, estalles a por múltiples atrancos e está denegando as autorizacións.

Estas son traídas que están legalizadas, que cumpren con todos os requisitos legais, análises, rede, tubaxes, cloración correctos, e que regularmente reciben subvencións públicas para levar a cabo o cometido de subministrar auga @s veciñ@s.

A non renovación das autorizacións está a crear malestar e preocupación entre @s veciñ@s, porque se lles quere ilegalizar un servizo, que aínda que non ten a consideración de público, si é comunal e comunitario.

Diante desta situación faise precisa unha actuación rápida e decidida por parte da Xunta de Galiza en defensa do ben comunitario que son as traídas de augas, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante da denegación, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de renovacións das concesións de aproveitamento de augas que están a solicitar as Comunidades de Augas de Consumo Humano?

-Sabe cales son as razóns destas denegacións?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:36
Nº Rexistro: 11138
Data envío: 28/06/2017 13:36:31.298

-A quen beneficia, e a que intereses responde que non se renoven as concesións?

-Vai o Goberno galego realizar algunha actuación para que se fagan as modificacións lexislativas precisas para garantir a continuidade das Comunidades de Usuari@s de Consumo Humano, ou traídas de augas?

Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante da denegación, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de renovacións das concesións de aproveitamento de augas que están a solicitar as Comunidades de Augas de Consumo Humano?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:36
Nº Rexistro: 11138
Data envío: 28/06/2017 13:36:31.298

María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2017 13:33:36

Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2017 13:33:42

Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2017 13:33:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2017 13:33:49

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2017 13:33:54

Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2017 13:33:57

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A etapa democrática foi a máis frutífera da nosa historia, xa que permitiu recuperar boa parte do terreo perdido en materia social. Sen embargo, o esforzo realizado polos diferentes gobernos de España durante este período, foi claramente desigual: durante os gobernos socialistas houbo especial empeño en achegarnos á política social dos países europeos máis avanzados, non sendo así nos anos de goberno do Partido Popular, que durante a fase alcista do ciclo económico non incrementou os gastos sociais, e cando volveron ocupar as responsabilidades de goberno utilizaron a crise económica como coartada para a demolición ordenada de todos os acenos de identidade do noso Estado do benestar. Reduciuse así a fenda social que nos separaba dos países europeos máis desenvolvidos durante o período 1982-1996, que volveu abrirse entre 1996 e 2004, para volver diminuír nos anos seguintes.

Sirva como exemplo do compromiso dos socialistas en materia de política social a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, actualmente en vigor, que naceu co compromiso firme e duradeiro de todos os axentes políticos e sociais de velar para que os dereitos de protección social non se viran reducidos por decisións a curto prazo e se situaran no ámbito do diálogo permanente e do maior consenso posible, no marco do Pacto de Toledo, fundamentado na mutua colaboración dos partidos políticos para asegurar os dereitos que dimanan da formulación social do Estado.

Fronte as actuacións seguidas durante os períodos gobernados polos socialistas, as políticas do Partido Popular na pasada lexislatura implicaron unha grave ruptura dos consensos políticos e sociais anteriores, mediante a adopción de medidas de xeito unilateral, que supuxeron, ademais dun forte deterioro da viabilidade do sistema de pensións, mediante a merma intencionada dos seus ingresos, un empobrecemento real da contía das pensións, con maior incidencia nas pensións de importes máis reducidos.

As causas da situación na que se atopa o sistema de Seguridade Social e do empeoramento das condicións de vida, teñen como orixe as políticas do PP: introdución do copago sanitario, non respectar o mantemento do poder adquisitivo das pensións; o establecemento do factor de estabilidade (aos futuros pensionistas os retallos se estenderán a súa pensión inicial, e serán para a toda a vida do pensionista sen que poda facer nada para cambiar esta situación); empeoramento das expectativas do dereito a pensión das persoas traballadoras de máis idade, aos que se arroxa do mercado de traballo a partires dos 50 anos, xa que o PP suprimiu o subsidio para maiores de 52 anos, dificultando o acceso a este subsidio aos maiores de 55 anos aos que se lles imputan as rendas familiares; endurecemento das condicións da xubilación anticipada aos 61 ou aos 63 anos; incrementos das pensións que supoñen practicamente unha conxelación constante das mesmas...

Pero, ademais, toda esta política de retallos veu acompañada dunha decidida actuación de deprimir os ingresos da Seguridade Social, mediante a redución do salario mínimo, o que tivo a súa translación ás bases mínimas de cotización, a redución dos salarios (coa súa directa translación ás bases de cotización dos traballadores e traballadoras), o establecemento de “tarifas planas” ou outras medias de minoración das cotizacións sociais, que son asumidas exclusivamente pola Seguridade Social, pois esa minoración non é compensada dende os orzamentos do Estado. De aí que fronte as proclamas do Goberno sobre o crecemento de afiliados/as á Seguridade Social na lexislatura, o volume de cotización sociais practicamente se conxelou na lexislatura, fronte ao crecemento dos gastos.

Esta situación provocou que, por primeira vez na época democrática, o noso sistema de pensións presentara déficit durante os catro anos da lexislatura, máis de 17.000 millóns de euros ao peche de 2015. Déficit que provocou que o Goberno do PP fixera uso de maneira masiva dos recursos do Fondo de Reserva da Seguridade Social. Dende o ano 2012 a xuño de 2016, o Goberno dispuxo de 55.901 millóns de euros do Fondo de Reserva, que durante os gobernos socialistas alcanzara a cifra de 66.815 millóns de euros.

A situación é moito máis complexa en Galicia, asolagada por unha gravísima crise demográfica, onde a taxa de natalidade está por baixo da taxa de mortalidade; e se temos en conta a explosión demográfica dos anos

Grupo Parlamentario

70, imos atopar no prazo de 15 anos cunha poboación moi envellecida de beneficiarios/as de prestacións sociais, e no lado oposto, con moi poucos/as cotizantes, como consecuencia das taxas de natalidade dos últimos anos.

Ademais na nosa comunidade, hai un 61 % das prestacións por baixo do salario mínimo, unha situación peor que no resto de España onde as nóminas por baixo dos 655 euros non chegan ao 40 %.

As cifras son alarmantes, só un de cada catro pensionistas galegos e galegas, supera a barreira do mileurismo. Existe ademais unha brecha de xénero onde as mulleres saen claramente prexudicadas, de cada tres pensións que non chegan ao SMI, dúas cóbranas elas.

No outro fiel da balanza, o que integran os perceptores da paga máxima (2.567,28 euros ao mes este ano), só hai en Galicia apenas un 1,8 % do total de pensionistas. No conxunto de España a proporción é un punto superior á de Galicia.

Neste escenario non debe estrañar que exista alarma social sobre a “próxima quebra” do sistema de pensións da Seguridade Social, e a necesidade de complementar as mesmas con outros sistemas, os cales dificilmente poden ser subscritos pola maioría da poboación traballadora, dada a forte depreciación salarial e o incremento da contratación temporal. Todo o cal podería ser un “calvo de cultivo” propicio para nun futuro ir situando o sistema obrigatorio de pensións na xestión privada.

Os socialistas consideramos irrenunciabile manter a fortaleza do sistema público de pensións, que xogou e xoga un papel fundamental na cohesión social e territorial do país, así como manter o consenso sostido desde fai case vinte anos ao redor do Pacto de Toledo. Trátase de volver a situar o sistema da Seguridade Social como unha das señas básicas de identidade do noso país, e como un baluarte na protección social colectiva.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego da contía das pensións que perciben de media os galegos e galegas?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha medidas de apoio

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- aos que perciban as prestacións por xubilación máis baixas?
3. A que cre o Goberno galego que se debe que o volume de cotizacións sociais practicamente se conxelara nestes derradeiros anos, fronte ao crecemento dos gastos?
 4. Considera a Xunta de Galicia que se deben incrementar as pensións mínimas?
 5. En caso afirmativo, vai solicitar ao Goberno de España un incremento das mesmas?
 6. Considera a Xunta de Galicia que se deben facer modificacións en canto á cotización dos traballadores e traballadoras autónomos?
 7. En caso afirmativo, que tipo de cambios deberían formularse ao respecto?
 8. Que medidas considera o Goberno galego que se deberan poñer en marcha para mellorar a cotización dos traballadores e traballadoras máis novos?
 9. Que valoración fai a Xunta de Galicia das contías que se perciben a través das pensións de orfandade?
 10. Considera o Goberno galego que se debera incrementar dita contía?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/06/2017 13:31:14

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 13:31:20

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O sector da Economía Social caracterízase por promover proxectos de desenvolvemento empresarial vinculados ao territorio e dirixidos a cubrir as necesidades sociais e a mellorar a calidade de vida das persoas. Os efectos socioeconómicos vinculados ás empresas da economía social son:

- Sobre a cohesión social: relacionados coa ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego; coa calidade do emprego, coa mellora de igualdade de oportunidades e coa oferta de servizos sociais.
- Sobre a cohesión territorial: relacionados coa creación de actividade económica e emprego no ámbito rural, coa competitividade da economía rural e asociados ao mantemento da poboación rural.

As empresas da Economía Social situáronse sempre á vangarda á hora de afrontar retos sociais, e iso por varias razóns. O feito de que as persoas estiveron, están e estarán no epicentro da súa actividade é, sen dúbida, a primeira e máis importante. Tamén é relevante que traballan desde un modelo empresarial cuxos valores principais son a democracia, a proximidade ao cliente e á persoa usuaria, a innovación, a xestión responsable, a sustentabilidade, o respecto polo medio ambiente e a calidade no emprego (con énfase en aspectos como a estabilidade, a baixa rotación, a formación continuada e a conciliación familiar). Outra razón de peso é o seu arraigamento no territorio, que combina coñecemento, proximidade e profesionalidade cun modelo de xestión ao servizo da cidadanía e a conciencia de que hai que garantir calidade e eficacia nos servizos públicos. Demostraron tamén durante este tempo unha notable capacidade para impulsar e soster actividades económicas xeradoras de emprego estable e de calidade, contribuíndo a unha distribución máis igualitaria da renda e a riqueza, a amortecer os desequilibrios do mercado laboral, tanto en etapas expansivas como de crise, favorecer un

 Grupo Parlamentario

desenvolvemento equilibrado e sustentable da economía e contribuír á autonomía territorial e ao desenvolvemento local. E fixérono tanto a través das súas principais formas empresariais (cooperativas e sociedades laborais) como mediante outras fórmulas, enmarcadas tamén no ámbito da Economía Social, que foron xurdindo para dar resposta a problemas máis específicos, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción.

Nestes momentos, a economía social constitúe un elemento imprescindible para renovar o tecido empresarial galego pois a súa actividade contribúe a un crecemento con maior cohesión social e máis calidade de vida para a sociedade.

É, polo tanto necesario en opinión do Grupo Socialista, dar un maior impulso e apoio ao sector da economía social en Galicia e establecer un marco de recoñecemento e estabilidade ás actividades destas empresas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego aprobar durante esta lexislatura a Lei do terceiro sector social de Galicia?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto aprobala?
3. Que medidas puxo en marcha a Xunta de Galicia para asesorar e difundir entre as organizacións representativas da economía social as actuacións recollidas dentro do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social, cofinanciado polo FSE no período de programación 2014-2020?
4. Que valoración fai o Goberno galego da participación do sector da economía social na prestación dos servizos públicos na nosa comunidade autónoma?
5. Considera a Xunta de Galicia que é preciso incrementar a participación do sector da economía social na prestación dos servizos públicos na nosa comunidade autónoma?
6. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para incrementar dita participación?
7. Considera a Xunta de Galicia que é necesaria a implantación de plans de formación de economía social en todos os niveis

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- educativos?
8. En caso afirmativo, que actuacións está levando a cabo o Goberno galego neste ámbito?
 9. Que valoración fai o Goberno galego a respecto da axilidade na posta en marcha dos proxectos relacionados coa economía social?
 10. Cre a Xunta de Galicia que existen trabas burocráticas que dificultan a posta en marcha dos proxectos relacionados coa economía social?
 11. En caso afirmativo, como ten previsto o Goberno galego eliminar ditas trabas?
 12. Que medidas está levando a cabo o Goberno galego para potenciar os mecanismos de colaboración coas entidades do Terceiro Sector, para o desenvolvemento de programas de inclusión social de persoas en risco de exclusión e de atención ás persoas con discapacidade ou en situación de dependencia?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/06/2017 16:36:48

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 16:36:53

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas. Oito anos despois, desgraciadamente, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións.

Mais polo miúdo, en xuño de 2009, o entón conselleiro de Medio Ambiente do PP dicía: *“La contaminación de las rías está peor que hace cuatro años. Reorientaremos la política de saneamiento de las rías, tras el fracaso de gestión del bipartito, que dejó estos espacios peor que hace cuatro años”*. Mais en outubro de 2012, o PP volvía gañar as eleccións en Galicia e Poio, Sanxenxo e Ribeira aínda non tiñan depuradoras.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento Europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. E a finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciará a España (e a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. Non perdamos de vista que tamén temos un Plan hidrolóxico, que estará vixente ata 2027. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015, non existe balance coñecido.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas depuradoras quedan por planificar en Galicia a día de hoxe?
2. Pensa o Goberno galego que non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas da nosa Comunidade Autónoma, que falta un sistema axeitado de tratamento e que existe risco para a saúde pública?
3. Cal é o número de cidadáns e cidadás que, a día de hoxe, dispoñen de sistemas de saneamento individuais?
4. Cal é o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015?
5. Que balance fai o Goberno galego do Plan de saneamento 2000-2015?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2017 17:32:37

Raúl Fernández Fernández na data 28/06/2017 17:32:42

María Luisa Pierres López na data 28/06/2017 17:32:47

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O presidente Feijoo acaba de presentar en Lugo a instalación de servizos sanitarios no barrio da Residencia, os mesmos que está prometendo dende fai seis anos. O novos PAC e centro de saúde parece que serán situados no edificio do antigo Materno-Infantil e nada dixo o Sr. Feijoo sobre o que a Xunta de Galicia pensa facer co edificio do Hospital Xeral.

Segundo dixo moitas veces a Consellería de Sanidade, este edificio está en malas condicións e non sería posible utilizalo. Afirmou que se fixera un estudo destas instalacións aínda que ese estudo, que solicitamos en reiteradas ocasións nunca foi entregado a estes deputados e deputadas seguindo a tónica de opacidade e falta de transparencia das que sempre fixo gala a consellería.

Agora que por fin a Xunta de Galicia afirma que vai cumprir as súas promesas de 2011 non sabemos que vai pasar co edificio do vello xeral que por outra parte, pertence a Tesourería do INSS. Tamén a consellería afirmou en contestacións parlamentarias que a Xunta de Galicia pedira a cesión deste edificio e da súa parcela, pero nunca aportou a documentación que solicitamos sobre este tema.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que vai facer a Xunta de Galicia co edificio do vello Hospital Xeral de Lugo?
2. Solicitou a Xunta de Galicia a titularidade deste edificio e parcela a Tesourería da Seguridade Social? Cando?

 Grupo Parlamentario

3. Pensa a Xunta de Galicia conseguir esta titularidade ou ao contrario pensa ceder todos os seus dereitos de uso sobre este edificio e parcela a Tesourería do INSS?

4. Pensa derrubar o edificio do vello Hospital Xeral de Lugo?

5. Si o pensa, quen vai pagar o custo?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/06/2017 10:46:04

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 29/06/2017 10:46:10

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2017 10:46:15

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O presidente Feijoo vén de presentar en Lugo a implantación no antigo Hospital Materno de Lugo dos servizos sanitarios prometidos ano tras ano dende 2011.

Foron tantos anos de negar as promesas de instalar un PAC, un centro de saúde e un laboratorio no barrio da Residencia e tan difícil de manter a credibilidade ante os veciños e veciñas, que varios membros do PP da provincia de Lugo, especialmente os señores Castiñeira e Barreiro prometeron tamén múltiples solucións alternativas, entre elas a instalación no edificio do Hospital Materno-Infantil da Comisaría da Policía Nacional.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vaise a instalar a Comisaría de Policía de Lugo no barrio da Residencia de Lugo?
2. Dado que o Hospital Materno-Infantil vai destinarse a usos sanitarios, onde vai a situarse a Comisaría?
3. Si se vaia instalar a Comisaría no Barrio da Residencia, que data ten a Xunta de Galicia prevista para facer o traslado?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/06/2017 10:47:04

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 29/06/2017 10:47:12

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2017 10:47:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/06/2017 10:47:22

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Na presentación do proxecto de novos servizos no Hospital Materno-Infantil de Lugo, o presidente Feijoo afirmou que se faría unha inversión de cerca de 8 millóns de euros e que “ese crédito está xa consignado”

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

En que partida orzamentaria están consignados os cerca de 8 millóns que se afirman vai investir a Xunta na rehabilitación do Hospital Materno-Infantil de Lugo?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/06/2017 10:47:35

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 29/06/2017 10:47:41

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2017 10:47:45

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 25 de xuño, ás 15:40 horas comezou un incendio en Corcoesto, Cabana de Bergantiños, nunha zona próxima á aldea de Languairón, e tamén á área de gran valor ambiental situada á beira do río Anllóns.

Os medios enviados pola Xunta dende o primeiro momento resultaron insuficientes e precarios, segundo denunciaron algunhas asociacións e particulares, ata pasadas as 19:30, non chegaron medios aéreos. O lume era visible incluso dende a autovía da Costa da Morte, e o fume chegaba ata a altura da Piolla. Todo isto a pesar da proximidade da base á zona afectada polo incendio. Como consecuencia, unha extensa superficie queimada, que segundo os medios de comunicación rolda as 17 hectáreas calcinadas.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que tardaron tanto tempo en chegar os medios aéreos da Xunta de Galicia a Corcoesto, a pesar da proximidade da base á aldea de Languairón?

2ª) Cal foi a superficie total calcinada, e cales os danos producidos na zona de gran valor ambiental do río Anllóns?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/06/2017 11:13:37

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/06/2017 11:13:50

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/06/2017 11:14:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/06/2017 11:14:10

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos/as igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente coñecíamos as queixas de varios/as traballadores e traballadoras da residencia pública de maiores Volta do Castro, situada no concello de Santiago, de que os 44 residentes da terceira planta do centro tiveron que enfrontar a temperaturas de entre 30 e 33 graos. Segundo denunciaron os propios familiares dos e das residentes, ademais de que a propia infraestrutura do centro contribúe a incrementar a temperatura no seu interior, o sistema de refrixeración funciona de maneira deficiente.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1) Considera a Xunta de Galicia que as temperaturas que se acadan en días de calor na residencia pública de maiores Volta do Castro, situada en Santiago, son axeitadas para os e as residentes e os traballadores e traballadoras do centro?
- 2) Por que motivos técnicos cre o Goberno galego que se acadan dentro das instalacións da residencia de maiores Volta do Castro, elevadas temperaturas durante os días de calor?
- 3) Realizou o Goberno galego algún estudo técnico sobre a eficiencia enerxética deste centro?
- 4) Ten previsto a Xunta de Galicia facer algún estudo para mellorar o illamento térmico da residencia de maiores Volta do Castro?
- 5) Vai o Goberno galego a acometer nos vindeiros meses algunha reforma neste centro?
- 6) En caso afirmativo, en que van a consistir ditas reformas?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 29/06/2017 12:25:54

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2017 12:26:00

 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/06/2017 12:26:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:17
Nº Rexistro: 11202
Data envío: 29/06/2017 13:17:27.307

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á necesidade de avaliación dos plans de emprego xuvenil da Xunta de Galiza.

No pasado Consello de Goberno do 22 de xuño, a Xunta de Galiza anunciou un plan para impulsar o emprego xuvenil, investindo 9 millóns de euros en axudas para autónomos e a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos. Co programa estima beneficiar a 1.200 mozos, polo que supón un custe por beneficiario de 7.500 euros. A iniciativa forma parte do Sistema de Garantía Xuvenil, e este ano prevé beneficiar a un 20% máis que na edición anterior, a do 2016, cando segundo a Xunta de Galiza acadáronse os 1.000 participantes.

O programa de Garantía Xuvenil en Galicia enmárcase dentro da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xoven que, contempla actuacións que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade, facilitar a inserción no ámbito laboral, promover o emprendemento e mellorar a situación da mocidade dentro do mercado de traballo.

O programa inclúe tres liñas de actuacións. Unha liña destinada a apoiar o inicio de actividade do emprego autónomo, outra que ten como obxectivo fomentar



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:17
Nº Rexistro: 11202
Data envío: 29/06/2017 13:17:27.307

nas empresas a contratación por conta allea, e por último unha liña destinada ás entidades sen ánimo de lucro, para incentivar a contratación dos mozos e mozas co obxectivo de “proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral”. Nesta liña a Xunta de Galiza sinala que “primarase este ano, como novidade, o criterio de estabilidade laboral”.

Con datos relativos ao primeiro trimestre do 2017 proporcionados pola Enquisa de Poboación Activa , observamos como das 323.900 mozas e mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 118.900 (o 36,7%) están ocupados, 42.900 (o 13,2%) parados e os 162.200 (o 50,1%) restantes son inactivos.

A taxa de actividade entre a mocidade sitúase no 49,9%, e ademais, cunha evolución negativa durante o último ano, xa que caeu en 2 puntos. Mentres, a taxa de paro xuvenil deste colectivo é moito máis elevada que a do conxunto da economía galega, xa que se sitúa no 26,5%.

Son numerosos os plans impulsados pola Xunta de Galiza que, de xeito análogo a este, teñen enunciado nobres propósitos: a loita contra o desemprego entre a mocidade, a mellora da empregabilidade, o fomento da estabilidade... Porén, estes negativos datos a respecto do emprego xuvenil deberían levarnos a reflexionar sobre a utilidade e eficacia destes programas. É preciso realizar unha análise exhaustiva do cumprimento dos obxectivos enunciados para estes plans e verificar a situación laboral das persoas beneficiarias máis aló da duración da axuda, xa que as máis das veces supoñen unha transferencia directa de renda ás empresas contratantes sen contrapartidas nin garantías de permanencia ou estabilidade laboral unha vez rematada a axuda



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:17
Nº Rexistro: 11202
Data envío: 29/06/2017 13:17:27.307

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Ten realizado a Xunta de Galiza un estudo global que permita verificar a eficacia dos plans de emprego destinados á xente moza durante os gobernos de Núñez Feixóo?

-Caso de ser a resposta negativa, ten previsto a Xunta de Galiza realizalo?

-Realiza a Xunta de Galiza un seguimento sistemático que permita avaliar a eficacia das edicións anteriores destes plans?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza dos resultados obtidos polas edicións de anteriores plans?

Que grado de execución tiveron os orzamentos das anteriores edicións dos Plans?

Cantas persoas beneficiarias da liña de axudas destinada ao inicio da actividade das e dos autónomos das pasadas edicións manteñen a actividade na actualidade?

Que porcentaxe representa sobre o total de persoas beneficiadas?

Cantas persoas teñen na actualidade un contrato indefinido derivado das axudas ás empresas para a contratación por conta allea?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:17
Nº Rexistro: 11202
Data envío: 29/06/2017 13:17:27.307

-Que porcentaxe representa sobre o total de persoas contratadas mediante esta liña de axudas?

-Cantas persoas beneficiarias da liña de axudas destinada ás entidades sen ánimo de lucro permanecen contratadas nas mesmas na actualidade?

-Que porcentaxe representa sobre o total de persoas contratadas a través desta liña de axudas?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2017 13:15:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:17
Nº Rexistro: 11202
Data envío: 29/06/2017 13:17:27.307

Ana Pontón Mondelo na data 29/06/2017 13:15:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/06/2017 13:15:26

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2017 13:15:28

Noa Presas Bergantiños na data 29/06/2017 13:15:29

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2017 13:15:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O orzamento aprobado polo Parlamento de Galicia tiña unha partida consignada de 3.233.000€ para o programa acción social contra a desigualdade económica da Consellería de Política Social, cando temos o primeiro avance de execución orzamentaria, con data 31 de marzo de 2017, vemos que esa partida aparece con unha consignación de 3.337.792,11€, pero con unicamente 271.791€ de pagamentos realizados durante ese trimestre, apenas o 8% do total consignado

Por todo isto, En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita

- Cal é o motivo polo que no primeiro trimestre de 2017 só se teña executado o 8% dos recursos dispoñibles para plans contra a desigualdade económica da consellería de política social?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 16:36:01

Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 16:36:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Paula Vazquez Verao, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O orzamento aprobado polo Parlamento de Galicia tiña unha partida consignada de 1.500.000€ para o programa de axudas para gastos farmacéuticos da Consellería de Política Social; cando dispoñemos do primeiro avance da execución orzamentaria, con data 31 de marzo de 2017, esa partida aparece con unha consignación de 1.500.000, pero con 0€ de pagamentos realizados durante ese trimestre.

Por todo isto, En Marea formula a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**:

- Cal é o motivo polo que no primeiro trimestre de 2017 non se teña executado nin un só euro da partida destinada a axudas para gastos farmacéuticos da Consellería de política Social?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao


Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 14:32:59

Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 14:33:07



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727